

No Museo Provincial de Lugo pódese contemplar até o mes de xullo unha mostra dedicada á personalidade e arte de Castelao (1886-1950), centrada na súa etapa de exilio (1936-1950) e so o atinado e atractivo título de *Castelao. A derradeira lección do mestre*. Alén diso, o museo inaugura un espazo dedicado monograficamente aos fondos que posúe do artista froito da doazón que realizou Álvaro Gil en 1965.

A exposición, comisariada por Pilar García Negro e Felipe Senén, consegue transmitir a relevancia excepcional da figura do rianxeiro, absolutamente decisiva para a nosa nación do punto de vista político, literario e artístico, facendo claro o inseparábel das diferentes facetas da súa personalidade vital e intelectual –moi ben documentas na exposición– e a necesidade de que a súa obra chegue ao conxunto da sociedade galega sen pexas e liberada das manobras de ocultación e da manipulación ás que segue a ser sometido. Por se alguén tivese algunha dúbida, logo de ver a mostra calquera espectador percibirá que está perante unha figura chave do pensamento, a literatura, a política e a arte galegos e con incontestábel valor universal.

Desde a perspectiva artística, a mostra baliza atinadamente a súa evolución. Cómpre lembrar que Castelao dá o primeiro grande paso da pintura galega de preguerra. A súa obra camiñou, superando o inicial dominio da anécdota costumista e a influencia modernista, cara a un realismo social de influxo popular e expresionista. A súa preocupación popular non é xa a da visión distanciada, esteticista e burguesa da maioría da pintura galega máis anecdótica, senón que o artista proxecta unha ollada que parte dunha identificación co representado. A obra de Castelao salienta pola captación psicolóxica do home galego, do mundo cotián, e pola súa inquietude polos problemas do pobo.

Mais estas preocupacións son elaboradas por medio dunha coidada construción plástica, de forma que nos seus cadros, debuxos e gravados utiliza recursos especificamente visuais. Neste sentido, lembraba Luís Seoane que Castelao vía, como quería Goethe, a "idea cos ollos".

A súa obra delata unha constante preocupación pola linealidade cunha no-



Estampa de "Galicia mártir" (1937).

A derradeira lección do mestre

Castelao no Museo de Lugo

CARLOS L. BERNÁRDEZ

Con estas obras o realismo social cónfórmasse como estética dominante na obra de Castelao. Un bo exemplo é a Escena de guerra "Os froitos galegos da civilización cristiá" (1938), que responde no formal e no temático aos mesmos postulados que os álbums de guerra.

Mais en todos este traballo podemos observar como para Castelao o debuxo é un instrumento para plasmar un ideal ao tempo ético e estético, elaborado coa materia que para el era esencial, con sentido crítico e orixi-

nalidade. Desde a perspectiva temática, con estes tres álbums culmina a identificación de Castelao

Ideal humano de perfección

cos problemas das clases populares, as que comprende e coa que sintoniza cunha intensa fondura e cun entendemento intelectual, po-

lítico e afectivo ao tempo. Nestes debuxos podemos tamén observar con absoluta nitidez as liñas programáticas do compromiso asumido polo autor de Sempre en Galiza: o ideal humano da perfección, fronte a todo o que o degrade e escravice, nomeadamente o fascismo. Unha memoria e un ideal que mostras como a realizada no Museo de Lugo axudan a tornar visíbel, evidenciando a necesidade de facer presente na nosa sociedade o legado de futuro que Castelao representa.

toria evolución estética que parte das formas modernistas para chegar a un realismo singular. Arte popular, primitivismo e expresionismo son algunhas das constantes da súa obra, que se poden enxergar no álbum *Nós* (1916-1918). A recepción do expresionismo de corte centroeuropeo percíbese nos seus debuxos do *Diario 1921*, sen que desapareza a linealidade e o tratamento de superficies de influxo modernista e referentes simbolistas. As paisaxes dos anos vinte, son obras nas que prima a captación emotiva da natureza, como *Paisaxe con castiñeiro* (ca. 1920-1930) ou *Cons* (ca. 1922-1929). Trátase de pinturas debedoras deses influxos modernistas e nas que se poden observar lembranzas das estampas xaponesas, tan de moda na arte europea desde finais do século XIX.

A súa obra plástica culminante son os álbums de guerra. Os dous primeiros *Galicia Mártir* e *Atila en Galicia* foron editados en Valencia no ano 1937 e amplamente espallados polo mundo polas Brigadas Internacionais e todo o movemento solidario coa República, chegando mesmo a países tan afastados como Rusia ou China, onde foron expostos. Son obras dunha grande intensidade inspiradas polo terror fascista. Nestes debuxos Castelao atende máis que en obras anteriores ao claro-curo, con textos moi breves –abondan tres palabras para significar e destacar a escena debuxada–, cunha influencia expresionista ben explícita e que abala nos seus elementos referenciais entre o Goya das pinturas negras, a pintura flamenga e a arte alemá das primeiras décadas do século XX, que el tivo ocasión de coñecer de primeira man nos anos vinte.

Milicianos, que sae en Nova York no 38, é

formalmente diferente dos álbums anteriores evidenciando a influencia do traballo doutro artista galego: Arturo Souto co que comparte labores de axitación e propaganda. Esta notábel afinidade entre Castelao e Souto durante a Guerra Civil ten tamén un común influxo na obra de Goya. Como é ben coñecido, as referencias ao pintor aragonés, e a súa influencia directa, foron manifestas durante a contenda. Neste sentido a súa pegada nos artistas galegos é unha das máis importantes que se producen entre os creadores que traballan no bando republicano.